



**EXCMO  
CONCELLO  
DE  
RIBADUMIA**

## **RESOLUCIÓN DE ALCADÍA**

Entre a noite do domingo 31 de decembro e o luns 1 de xaneiro están previstas as celebracións dos festexos da Noite de Fin de Ano, sendo esta unha data na que tradicionalmente a partir das 12 da noite celébrase coa familia e amigos a entrada do novo ano nos distintos locais de hostalaría do noso municipio.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

Visto o disposto no artigo 5 f) da Lei 10/2017 do 27 de decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia que establece que corresponde aos Concellos autorizar as ampliacións ou reducións sobre o horario xeral, en atención aos criterios, supostos e circunstancias que, no seu caso, figuren na orde de horarios prevista no artigo 17.

Visto o disposto no artigo 17.1 e 2 da Lei 10/2017 do 27 de decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia que determina que mediante orde da persoa titular da consellería competente na materia, e previo informe da Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia, determinarase o horario xeral de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas.

A orde que determine os horarios de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos ou actividades recreativas poderá establecer os criterios, supostos e circunstancias que permitan aos Concellos autorizar, de forma motivada, ampliacións ou reducións sobre o horario xeral.

Visto o artigo 8 da Orde do 23 de outubro de 2020 polo que se determina, en primeiro lugar que o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas que determina que de acordo co artigo 17.2 da Lei 10/2017, de 27 de decembro, os horarios xerais poderán ser ampliados ou reducidos nos supostos que se establecen nos artigos 9 e 10 desta orde.

En segundo lugar determina que corresponderá aos respectivos Concellos, segundo o disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, a ampliación ou redución dos horarios xerais.

Visto o disposto no artigo 9.1 e 4 da Orde do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas (DOG nº 219 de 30.10.2020) que establece que ao abeiro do disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, os Concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E700057ACB00L8N9J3D9N2E2 en la Sede Electrónica de la Entidad

#### **FIRMANTE - FECHA**

DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 27/12/2023  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/12/2023 09:23:06

DOCUMENTO: 20230359115  
Fecha: 27/12/2023  
Hora: 09:23

CSV: 07E700057ACB00L8N9J3D9N2E2





**EXCMO  
CONCELLO  
DE  
RIBADUMIA**

As ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

Vistos os antecedentes, e tendo en conta a afluencia da veciñanza que se achegan a aos locais de hostalaría e ocio nocturno de Ribadumia nesa data aconséllase estender os horarios dos establecementos de ocio e entretemento co obxecto de ampliar a oferta para os visitantes de acordo cos fundamentos xurídicos anteriores,

**RESOLVO**

Ampliar o horario de peche de cafeterías, bares, salas de festas, discotecas, pubs e cafés espectáculo a madrugada do luns 1 de xaneiro do 2024 en dúas horas sobre o horario xeral que lle corresponda a cada establecemento segundo a Orde do 23 de Outubro do 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas (DOG nº 219 de 30.10.2020).

**CONDICIÓNS**

1.- Deberá darse cumprimento ás normas vixentes en materia de contaminación acústica e dar cumprimento aos tempos de desaloxo establecidos no artigo 6 da citada Orde do 23 de Outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas (DOG nº 219 de 30.10.2020).

2.- A presente resolución poderá ser modificada en función de circunstancias sobrevidas que aconsellen a súa revisión.

Ribadumia, na data da sinatura dixital.

O Alcalde

David J. Castro Mougán



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E700057ACB00L8N9J3D9N2E2 en la Sede Electrónica de la Entidad

**FIRMANTE - FECHA**

DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 27/12/2023  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/12/2023 09:23:06

DOCUMENTO: 20230359115  
Fecha: 27/12/2023  
Hora: 09:23

CSV: 07E700057ACB00L8N9J3D9N2E2

